



RESERVA DE PRAZA PARA O CURSO 2024-2025

Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 08-11-22)

O CEIP Francisco Vales Villamarín está adscrito ao IES Francisco Aguiar

- O alumnado de 6º, que promocioe á ESO, terá prioridade para a admisión no IES Francisco Aguiar.
- O alumnado que pretenda continuar os seus estudos no IES Francisco Aguiar poderá cumprimentar a solicitude (Anexo I) de xeito manual ou a través da aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>) e presentala no CEIP Fco. Vales Villamarín (entregarse a cada titor/a). Tamén pode presentarse a través da SEDE ELECTRÓNICA da Xunta (<https://sede.xunta.gal>). **O prazo é do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro do presente ano** (Art. 27.1. Orde do 21 de outubro de 2022)
- O Anexo I (RESERVA DE PRAZA, CAMBIO DUN CENTRO A OUTRO AO QUE SE ESTEA ADSCRITO) será facilitado polo CEIP Francisco Vales Villamarín, estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da Consellería de Educación.
- A dirección do CEIP Francisco Vales Villamarín remitirá ao IES Francisco Aguiar as solicitudes de reserva de praza do alumnado que faga uso da prioridade de admisión como centro adscrito.
- O alumnado que promocionando á ESO desexe continuar os seus estudos noutro centro, DIFERENTE ao IES Francisco Aguiar, NON cubrirá o Anexo I e deberá presentar a súa solicitude de admisión Anexo II (ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS) entre os días 1 e 20 de marzo do presente ano (Art. 27.2. Orde do 21 de outubro de 2022), no centro elixido.
- O Anexo II (ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS), será facilitado polo centro elixido e estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da Consellería de Educación.
- O alumnado admitido tanto no centro ao que se estea adscrito (IES Francisco Aguiar) coma noutro centro, deberá formalizar a súa matrícula entre o 23 de xuño e o 7 de xullo do presente ano (Art. 41.1.b Orde do 21 de outubro de 2022).
- **O vindeiro MARTES, 23 de XANEIRO ás 16:30 HORAS, na SALA DE USOS MÚLTIPLES DE PRIMARIA, celebrase unha REUNIÓN para falar sobre os actos de fin de etapa e a reserva de praza no instituto.**

Betanzos, 17 de xaneiro de 2024

Devolver o recibín asinado:

Don/Donapai/nai/titor/a do/a alumno/a de sexto curso
..... recibín a circular relativa a reserva de praza para 1º curso da ESO
no IES Francisco Aguiar e outras informacións

Asinado: